



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE MAIO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^ª PATRICIA ESTHER ESPÍNEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑÓY
D.^ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^ª Ana María Portela Torrón, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de maio de 2025, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202505290900020000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2025, RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025

Acceso á videoacta – 00:00:43 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 2025 (CVD: WxmrC5xft9l1kLplzw9H), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de xaneiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña recibido o 1 de abril de 2025, que, entre outras cousas, di:

“(…/…)”

- **No apartado 1.A) “Financiamento de gastos correntes…” hai un erro**
 - Onde di “**Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes**” e “**Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)**”
 - Debe dicir “**Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes**” e “**Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes**”
- **No apartado 1.B) “Financiamento de investimentos” hai un erro:**
 - Onde di “**Subtotal investimentos achega provincial 2024**”
 - Debe dicir “**Subtotal investimentos achega provincial 2025**”
- **No apartado 2 hai un erro na táboa relativa ao Plan Complementario:**
 - Onde di “**Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)**”



- Debe dicir "**Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)**" (.../...)"»

Por isto, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Corrixir o punto primeiro e segundo do acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", adoptado polo Pleno municipal o día 30 de xaneiro de 2025, de xeito que:

Onde di:

«(.../...) 1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	0,00€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total Concello	
Mejora de la accesibilidad y pavimentación Rúa A Lagoa	187.829,85€	0,00€	0,00€	0,00€	187.829,85€
Mejora de la accesibilidad y pavimentación rúa Luis Pimentel	295.812,27€	0,00€	0,00€	0,00€	295.812,27€
Mejora recogida aguas pluviales en Plaza Caso Cortines	103.644,18€	0,00€	0,00€	0,00€	103.644,18€
Subtotal investimentos achega provincial 2024	587.286,30€	0,00€	0,00€	0,00€	587.286,30€

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
Mejora de pavimentación de caminos rurales en las parroquias de Sigrás, Anceis, Andeiro y Brexo	227.950,99€	0,00	0,00	0,00	227.950,99€
Mejora de la accesibilidad y pavimentación Rúa Abeleira	334.690,51€	0,00	0,00	0,00	334.690,51€
Subtotal investimentos achega provincial 2024	562.641,50€	0,00	0,00	0,00	562.641,50€

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS + 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soport. Deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0,00 €				0,00 €
	Achega 2024 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	587.286,30€	0.00€	0.00€	0.00€	587.286,30€
	Achega 2024	562.641,50€	0.00€	0.00€	0.00€	562.641,50€
D- TOTAL	Achega 2025	587.286,30€	0.00€	0.00€	0.00€	587.286,30€
	Achega 2024	562.641,50€	0.00€	0.00€	0.00€	562.641,50€
	TOTAL	1.149.927,80€				1.149.927,80€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C = A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Mejora de pavimentación de caminos rurales en las parroquias de Cecebre y Bribes-Cambre	174.611,71€	0,00	174.611,71€
Ampliación puntos luz red alumbrado rural Cambre	100.922,45€	0,00	100.922,45€
TOTAIS	275.534,16€	0,00	275.534,16€

(.../...)>>



Debe decir:

«(.../...) 1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Subtotal gasto corrente	0,00€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total Concello	
Mejora de la accesibilidad y pavimentación Rúa A Lagoa	187.829,85€	0,00€	0,00€	0,00€	187.829,85€	
Mejora de la accesibilidad y pavimentación rúa Luis Pimentel	295.812,27€	0,00€	0,00€	0,00€	295.812,27€	
Mejora recogida aguas pluviales en Plaza Caso Cortines	103.644,18€	0,00€	0,00€	0,00€	103.644,18€	
Subtotal investimentos achega provincial 2025	587.286,30€	0,00€	0,00€	0,00€	587.286,30€	

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
Mejora de pavimentación de caminos rurales en las parroquias de Sigrás, Anceis, Andeiro y Brexo	227.950,99€	0,00	0,00	0,00	227.950,99€	



Mejora de la accesibilidad y pavimentación Rúa Abeleira	334.690,51€	0,00	0,00	0,00	334.690,51€
Subtotal investimentos achega provincial 2024	562.641,50€	0,00	0,00	0,00	562.641,50€

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS + 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0,00 €				0,00 €
	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	587.286,30€	0.00€	0.00€	0.00€	587.286,30€
	Achega 2024	562.641,50€	0.00€	0.00€	0.00€	562.641,50€
C- TOTAL	Achega 2025	587.286,30€	0.00€	0.00€	0.00€	587.286,30€
	Achega 2024	562.641,50€	0.00€	0.00€	0.00€	562.641,50€
	TOTAL	1.149.927,80€				1.149.927,80€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial 2025)	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C = A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Mejora de pavimentación de caminos rurales en las parroquias de Cecebre y Bribes-Cambre	174.611,71€	0,00	174.611,71€
Ampliación puntos luz red alumbrado rural Cambre	100.922,45€	0,00	100.922,45€
TOTAIS	275.534,16€	0,00	275.534,16€

(.../...)

Segundo.- Remitir este acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Aberta a quenda de intervencións, intervén o Sr. González Leirós.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaquito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro



Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 16 de maio de 2025 (CVD: WxmrC5xft9l1kLplzw9H), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “ORDENACIÓN Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE LA PLAZA CASARES QUIROGA. A BARCALA (CAMBRE)”, INCLUÍDO NO POS+ ADICIONAL 2B/2024, TRALA SÚA MODIFICACIÓN

Acceso á videoacta – 00:03:24 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025 (CVD: e1hFyBVcqGnfBRsU5u2X), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 29 de agosto de 2024, aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + Adicional 2b/2024”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
“ORDENACIÓN Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE LA PLAZA CASARES QUIROGA. A BARCALA (CAMBRE)”	Gustavo Vázquez Herrero Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Colexiado nº 17803	433.193,24 €

Visto que con data 17 de setembro de 2024 recibíuse un requirimento da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que, entre outras cousas, solicitaban a corrección do dito proxecto xa que a súa estrutura non se axustaba á base 13.4.2 en relación coa base 5.B.2.1., polo que indicaban que non fora posible realizar a súa supervisión.

Visto o proxecto corrixido asinado con data 10 de outubro de 2024 (08:06:45 + 02'00') polo técnico redactor, don Gustavo Vázquez Herrero.

Visto o escrito da Excm. Deputación Provincial da Coruña, recibido a través da plataforma Subtel o día 9 de abril de 2025, no que se indica que revisada a documentación achegada polo Concello de Cambre, o proxecto modificado correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación, emitíndose un informe favorable, polo que para seguir coa tramitación do expediente é necesario que se achegue a documentación acreditativa da aprobación do proxecto modificado, de data 10 de outubro de 2024, polo órgano competente do concello.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 25 de abril de 2025 (CVD: HeF/FcXFcz21bsdU3K28).

Visto o informe favorable emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, o día 16 de maio de 2025 (CVD: xw9fadadG+LtUAhCWVv6).



Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “*Ordenación y mejora de la accesibilidad de la Plaza Casares Quiroga. A Barcala (Cambre)*”, trala súa corrección de outubro de 2024, redactado por don Gustavo Vázquez Herrero, e asinado electronicamente o 10 de outubro de 2024.

Segundo.- Remitir este acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025 (CVD: e1hFyBVcqGnfBRsU5u2X), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.3. PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:05:29 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: T1ITINLVn8za/+XpHqNO), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que en data 13 de xuño de 2022 formalizouse entre o que foi alcalde do Concello de Cambre e o representante da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA,S.L. contrato administrativo para a prestación do servizo de axuda no fogar, fixando un prazo de duración de dous anos a contar desde a data de formalización do contrato con posibilidade de prórrogas anuais por anos sucesivos ata dous anos máis.

Visto que por acordo plenario de data 11 de abril de 2024 acordouse prorrogar o prazo de execución por un ano.

Visto que o Pleno da Corporación en sesión de data 30 de xaneiro de 2025 acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

Visto que o anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante do Concello alzado na plataforma de contratación do sector público o día 10 de febreiro de 2025.



Visto o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal:

"(../...) No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario."

Visto o informe emitido pola coordinadora de servizos sociais de data 6 d emaio de 2025 (CVD: HtKxgksrjHyUtEfJEUkT), no que, entre outras cousas, expón:

"(../...) Todos estes servizos que se prestan considéranse imprescindibles e constitúen obrigas esenciais que toda persoa ten que ter cubertas.

Nesta situación, a Área de Servizos Sociais entende necesaria a continuidade deste servizo, que actualmente está xestionado por "AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L." comprometéndose ao cumprimento das obrigas contractuais a que se refiren no PCA.

A funcionaria que suscribe este informe é consciente de que existen algunhas deficiencias que estamos a sufrir na prestación do servizo, e tamén como responsable do contrato de maneira continuada se está a levar unha supervisión continuada do servizo, tanto por parte da traballadora social municipal que mantén unha comunicación permanente coas coordinadoras da empresa adjudicataria como a funcionaria que suscribe este informe a través de reunións mensuais e aportación de documentación que se lle require periodicamente.

A prestación do servizo de axuda no fogar trátase dunha prestación esencial e básica tal e como se reflicte no artigo 60.1.a) de competencias dos concellos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, onde dí literalmente: " La creación, gestión y mantenimiento de los servicios sociales comunitarios básicos", e segundo o art. 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o servizo de axuda no fogar é un programa básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a súa permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para aqueles que resulte un recurso idóneo."

Visto o informe de secretaría de data 12 de maio de 2025 (CVD: mGE7sbvrhLeo+XVvVZug) no que, entre outras cousas, se sinala:

"Segunda.- *A cláusula IV do contrato administrativo formalizado o día 13 de xuño de 2022 entre o representante da empresa "AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA, S.L.", e o que foi alcalde do Concello de Cambre para a prestación do servizo de axuda no fogar (CVD: pf4cXynL7JV8I9aYNMXI), establece o seguinte prazo de duración do contrato:*

"De conformidad con la cláusula 18 del pliego de cláusulas administrativas particulares y epígrafe 6 del Cuadro de Características del contrato, el presente contrato tiene un plazo de duración de DOS AÑOS a contar desde la fecha de formalización del contrato, pudiendo prorrogarse anualmente por años sucesivos y en las mismas condiciones hasta dos años más, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado con dos meses de antelación a la finalización de la vigencia anterior, por lo que el contrato podrá llegar a tener una duración total de hasta cuatro años incluidas las prórrogas. En caso de prórroga, las características del contrato permanecerán inalterables. Las prórrogas así acordadas, serán obligatorias para el empresario." Dito prazo prorrogouse por acordo plenario de data 11 de abril de 2024 por un ano, polo que o contrato está en vigor ata o 13 de xuño de 2025. O artigo 29.3 da LCSP establece que :

"(../...) No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario."



No suposto examinado o anuncio de licitación do servizo de axuda a domicilio publicouse no perfil do contratante do Concello aloxado na plataforma de contratación do sector público o día 10 de febreiro de 2025, polo que se cumpre o requisito establecido no precepto legal citado para prorrogar o contrato ata que comece a execución do novo contrato, e en todo caso por un prazo máximo de nove meses.

Segunda.- Por outra banda, cómpre lembrar que consta no expediente informe da coordinadora de servizos sociais e da traballadora social, Ángeles Díaz Rodríguez, do día 13 de xuño de 2023 (CVD: VkMiz9E6W4jR0D9ab1/r) no que indican unha serie de incumprimentos/deficiencias na prestación do servizo que presta a empresa adxudicataria.

A este respecto, esta secretaría emitiu informe o día 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Estamos ante un contrato administrativo de servizos dos recollidos no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de outubro, de contratos do sector público (LCSP). O órgano de contratación é o Pleno da corporación, o cal ten como prerrogativas a de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de ésta, todo elo en virtude do disposto no artigo 190 da LCSP.

Segunda.- Do sinalado no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social relacionados no antecedente III despréndese a existencia dunha serie de incumprimentos e deficiencias na prestación do servizo por parte do adxudicatario, algún dos cales (como é o caso do incumprimento dos compromisos ofertados e que foron obxecto de valoración como criterio de adxudicación) poden considerarse como incumprimento das obrigas contractuais esenciais establecidas como tales na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e no contrato formalizado. É o caso do incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de adxudicación.

No prego de cláusulas administrativas particulares, na cláusula 27, relativa ao procedemento sancionador, se tipifican como faltas moi graves, entre outras as seguintes:

a) A notoria falta de rendemento e prestación incorrecta e defectuosa da actividade, tanto en canto á calidade como á calidade.

(.../...)

j) O incumprimento das condicións esenciais de execución así como das obrigas esenciais do contrato. Pola comisión de faltas moi graves como as indicadas, a cláusula citada do prego prevé unha sanción de 9.001 a 30.000 euros, especificando que as ditas penalidades serán acumulativas e non excluíntes, e o seu pagamento non substituirá o resarcimento de danos e prexuízos por incumprimento da empresa adxudicataria nin lle eximirá de cumprir coas súas obrigas contractuais, podendo existir, conxuntamente, o cumprimento de ditas obrigas e a satisfacción das penalidades estipuladas que se imputarán á factura ou á garantía, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida propoñer a resolución do contrato e a reclamación de danos e perdas.,

Para proceder á imposición das penalidades indicadas é necesario que os incumprimentos, que poidan dar lugar ás mesmas, queden debidamente constatados, e a súa imposición se acordará a proposta da responsable do contrato (cláusula 26 do PCAP) previa tramitación do oportuno expediente administrativo, no que debe darse audiencia ao contratista por prazo de dez días hábiles, tra-los cales se acordará o que proceda, sen prexuízo da obriga da adxudicataria de subsanar a deficiencia na prestación do servizo e reparar os danos e perdas irrogados á Corporación a consecuencia desta.

Sinala tamén o PCAP que de conformidade co establecido no artigo 312 d) da LCSP, se do incumprimento por parte do contratista se derivara perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público, e a Administración non decidira a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle irrogase.

Por outra banda, indícase na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares que as causas de resolución serán as previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP, cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 do mesmo corpo legal.

Indícase tamén na dita cláusula que poderán motivar a resolución do contrato as causas seguintes:

1.- Incurrir o contratista durante a vixencia do contrato en algunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da LCSP; e en aplicación do disposto nos artigos 72 e seguintes da dita Lei. 2. O incumprimento das obrigas esenciais de execución do contrato previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.. A potestade resolutoria conferida á Administración en relación aos contratos sometidos ao dereito administrativo enmárcase dentro do ámbito das denominadas prerrogativas, concebidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de xeito automático, senón cando o esixa interés público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama na actuación administrativa.

A existencia destas prerrogativas non é incompatible coa noción do contrato configurada no ámbito civil, ao contemplar o propio Código civil no seu artigo 1258 que a boa fé, o uso ou a Lei poden impoñer ás partes contratantes obrigas que, aínda non estando expresamente pactadas, deriven da natureza do seu contido.

O sentido e funcionalidade da resolución contractual atopa cobertura legal no Dereito común das obrigas e contratos, en tanto que, como ten sinalado o Tribunal Supremo en Sentencia de 17 de marzo de 1989, “ los contratos administrativos non son sino un figura especial, con modulaciones caracteristas impuetas por su vinculación a los intereses públicos de la institución contractual, siéndoles de aplicación en definitiva, salvando esas peculiaridades y características, las normas y principios de la dogmática del negocio jurídico, entre los que se encuentra la figura de la resolución contractual para el caso de su incumplimiento en las obligaciones recíprocas(artículo 1124 del Código Civil y preceptos concordantes) y la institución del resarcimiento de daños y perjuicios a favor del acreedor, que no es sino una manifestación del principio del Derecho de obligaciones de que el deudor debe reparar las consecuencias nocivas por causa de su incumplimiento culpable(artículo 1101 del código Civil).....”

O exercicio desta potestade se atopa regrado dende o punto de vista formal e material, de tal xeito que só pode exercerse mediante o procedemento na forma que regulamentariamente se determine e cando coincidan as causas definidas na Lei. A LCSP contempla nos seus artigos 211 a 213 unha regulación xeral das causas polas que pode operar a prerrogativa resolutoria, establecendo outra específica para cada tipo de contratos, recolléndose en concreto a aplicable aos contratos de servizos no artigo 313.

Dentro das citadas causas distingue a Lei aquelas cuxo réxime de aplicación é potestativo para a Administración, atendendo ás circunstancias que concorren en cada caso concreto, doutras que determinan sempre e de xeito obrigatorio, a resolución do contrato, en tanto que a súa mera concorrencia implica unha vulneración do interés público inherente á contratación administrativa.

Así, o artigo 211 da LCSP establece que: (...)

O procedemento para a resolución dos contratos administrativos, ven regulado nos artigos 109 e seguintes do Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tratándose dun procedemento específico atendendo ás peculiaridades que afectan á materia contractual no ámbito das Admnsitracións Públicas, e máis concretamente e dentro dela, ao que é a extinción anticipada do contrato.

No artigo 109 do citado texto regulamentario dispónse que: (...).

Tamén no expediente de resolución deben constar, con carácter previo á adopción do acordo, os preceptivos Informes de Secretaría e Intevención por esixilo así o artigo 321 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Os expedientes de resolución contractual deben estar instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

En canto aos efectos da resolución por incumprimento do contratista, de conformidade co artigo 213 da LCSP determinará a incautación da garantía así como a obriga de indemnizar á Admnsitración dos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Así, o artigo 213 da LCSP sinala nos apartados 3 a 6 o seguinte: (...).

Cuarta.- *No suposto examinado no informe da coordinadora de servizos sociais e traballadora social citado indícanse unha serie de deficiencias na prestación do servizo e incumprimento de obrigas, algunhas consideradas no propio prego de cláusulas administrativas particulares, como obrigas esenciais (é o caso do incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración).*

Estes incumprimentos son constitutivos de faltas previstas como tales no prego de cláusulas administrativas particulares, penalizables coas sancións establecidas no prego (lémbrese que de acordo co PCAP, as penalidades son acumulativas e non excluíntes); e algún destes incumprimentos tamén constitúe unha causa de resolución do contrato (o incumprimento das características da oferta formulada e vinculada aos criterios de valoración, ao configurarse neste contrato como unha obriga contractual esencial).

Corresponde ao órgano de contratación (Pleno da Corporación) acordar as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso (imposición de penalidades e resolución) se indicou na consideración anterior. (...).”

En canto ao prazo de prescripción das penalidades, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de data 26 de febreiro de 2014, recurso de apelación 679/2013 sinala que “-a falta de outra previsión específica- el plazo de prescripción ha de ser el de cuatro años establecido en el artículo 15 de la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuesaria, no siendo aplicable el de quince años establecido en el artículo 1964 del Código Civil.”

Non consta que polo órgano de contratación(Pleno da Corporación) se adoptase ningunha das medidas sinaladas no informe citado, polo que se reitera o informado no mesmo.

Cuarta.- *Atendendo ao exposto e como se indicou na consideración xurídica segunda deste informe, é posible a prórroga ata o comezo da execución do novo contrato e en todo caso por un prazo máximo de nove meses.*

Non obstante, tendo en conta o sinalado pola que subscribe no informe de data 19 de xullo de 2023, así como o exposto pola interventora municipal nos seus informes en relación ás facturas presentadas por Al Alba Ese Granada Almería, S.L. nos que



formula reparos suspensivos, considerase necesario incorporar ao expediente informe emitido pola responsable do contrato no que se pronuncie expresamente verbo do cumprimento das obrigas contractuais polo adxudicatario.

Igualmente, deberá incorporarse ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal.

Isto sen prexuízo de que, como expuxo esta secretaría no informe citado de data 19.07.2023, debe o órgano de contratación (o Pleno da Corporación) acordar as medidas a adoptar á vista dos incumprimentos relacionados pola responsable do contrato, debendo seguirse o procedemento que, segundo o caso se indica nese informe.”

Visto o informe de intervención de data 14 de maio de 2025 (CVD: vMPu0q1HSBmY3u9IGY+U) no que, entre outras cousas, se sinala:

“(.....) [X] **Fiscalizado con observacións:**

- **X*.A:** De conformidade cós datos que obran na contabilidade municipal do exercicio 2025 verifícanse un asento contable tipo RC con núm. De operación 22025000012 e número de referencia 22025000012, por importe e saldo de 1.056.656,62 € coa finalidade RC SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBRE EXP. 2023/C004/000003: ANUALIDADE 2025 (13.06.2025-31.12.2025) ao que poderán imputarse as mensualidades correspondentes á prórroga no exercicio 2025. No que respecta ás mensualidades a imputar, no seu caso, ao exercicio 2026 a existencia de crédito queda condicionada á efectiva consignación no orzamento correspondente.

- **X*.B, X*.C :** o feito de que non se esté a cumprir có prazo de preaviso contemplado na cláusula 18ª dos PCA (polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato) implica que o a prórroga que, no seu caso, acorde o órgano de contratación non sexa obrigatoria para o adxudicatario. Nembargantes, ao darse os requisitos exixidos polo artigo 29.4 LCSP (o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario e existen razóns de interese público para non interromper a prestación), o órgano de contratación sí podería acordar unha prórroga obrigatoria ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses.

Agora ben, esta intervención está reparando suspensivamente, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL, as facturas do Servizo de Axuda no Fogar emitidas por AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L. dado que NON se está a acreditar o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas a que se refiren os PCA . Asemade, o informe da secretaría municipal de 19.07.2023 (CVD: lJpQkVdK8ty0cpYJBRwd) deixa constancia escrita dos incumprimentos por parte da empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L. na prestación do servizo de Axuda no Fogar de Cambre. Ante tales incumprimentos corresponde ao órgano de contratación a imposición de penalidades e a aplicación do réxime sancionador previsto, respectivamente, nas cláusulas 26ª e 27ª dos PCA.

Advirto por escrito que non consta no expediente copia do recibo que confirme que a empresa “AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA, S.L.” atópase ao corrente do pago da póliza de Responsabilidade Civil esixida pola cláusula 28.2 PCA.”

Visto o estado de tramitación do expediente de contratación do servizo, e ante a eventualidade de que non estea formalizado o novo contrato antes da expiración do actual, faise preciso prorrogar este ata que non comece a execución do novo contrato.

Considerando que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 29.4 da Lei de contratos do sector público

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar o contrato do servizo de axuda no fogar no Concello de Cambre subscrito coa empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA S.L. (CVD: pf4cXynL7JV819aYNMXI) ata que comece a execución do novo contrato, e en todo caso por un prazo máximo de nove meses.

Segundo.- Notificar este acordo ao contratista AL ALBA ESE GRANADA ALMERIA S.L., e dar traslado, a través da plataforma TDeC, á responsable do contrato e á Intervención municipal.

Terceiro.- Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.



Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Espiñeira Galán, quen explica a proposta.

Interven a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: T11TINLVn8za/+XpHqNO), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.4. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA PRESIDENCIA DA MESA DE CONTRATACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) – EXPED. 2023/C004/000003

Acceso á videoacta – 00:17:03 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: NfM6dh/qu96PLdfnkE+u), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:



“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación que consta na plataforma TEdC ao núm. 2023/C004/000003 relativo ao “Servizo de axuda no fogar (SAF)”, designando aos membros da Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada no dito expediente, entre os que figuraba como presidente da mesa o concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, don Daniel Mallo Castro e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, don Ramón Boga Moscoso.

Visto que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 21 de abril de 2025, levou a cabo a nova elección de alcaldesa, quedando sen efecto as delegacións efectuadas pola anterior alcaldesa.

Por todo isto, **PROPOÑO:**

Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación no expediente 2023/C004/000003 relativo ao “Servizo de axuda no fogar (SAF)”, e nomear presidente titular da mesa ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, don Rubén Vázquez Pérez, e presidenta suplente á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo, dona Patricia Esther Espiñeira Galán, manténdose o resto dos nomeamentos nos mesmos termos.

Segundo.- Notificar aos interesados e publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público onde se atopa aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de maio de 2025 (CVD: NfM6dh/qu96PLdfnkE+u), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.5. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO REGULADORA DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS

Acceso á videoacta – 00:18:20 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 2025 (CVD: UTDVTET/khiaFZUiy2eK), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a dilixencia de intervención có asunto *advertencia da inexistencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento prorrogado do exercicio 2024 para o outorgamento dunha subvención por importe de sesenta e tres mil euros (63.000,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 334 48901 á Asociación “Sementeira Cambre” para a promoción musical do ano 2024* asinada o 04.02.2025 do seguinte tenor literal (CVD: MNTBI5+HZ6/GkaYSI2ft):

“(…) I.- ANTECEDENTES

1. Informe proposta asinado o 02.12.2024 polo coordinador de actividades culturais e educativas coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude có asunto *Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a entidade Sementeira Cambre para a promoción musical durante o 2024* (CVD: iHtOst3eI0sLtTbglakA).
2. Informe de intervención referencia LMR – REPARO SUSPENSIVO- SUBVENCIÓN NOMINATIVA- SEMENTEIRA CAMBRE 2024 - FASE AD có asunto *Fiscalización da proposta. Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical no ano 2024. Fase AD, asinado o 15.12.2024* (CVD: +v2UrpKfZGbjwSkkkrk6d)
3. Informe do coordinador de actividades culturais e educativas có asunto *Informe aos reparos suspensivos realizados á proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical no ano 2024, asinado o 18.12.2024* (CVD: 5b3hZWIIWu0xO9XdMCPB).
4. Orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2024, prorrogado ao exercicio 2025 por resolución de alcaldía número 1597/2024, de 30 de decembro cuxa base 46ª dispón:

“(…) Con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e de conformidade co establecido no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual. Se nos acordos plenarios adoptados ao respecto non se concreta a vixencia entenderase que esta é anual, referida ao exercicio en que se adoptou o acordo correspondente. (...)”.

5. Expediente número 2024/G003/001596, delegado a esta intervención o 04.02.2025 (...)

En virtude do exposto emito a seguinte **DILIXENCIA**

De conformidade có artigo 175 do TRLFL:

“Los créditos para gastos que el último día del ejercicio presupuestario no estén afectados al cumplimiento de obligaciones ya reconocidas quedarán anulados de pleno derecho, sin más excepciones que las señaladas en el artículo 182 de esta ley”

Por outra banda, ao abeiro do artigo 182 do mesmo texto legal:

“No obstante lo dispuesto en el artículo 175 de esta ley, podrán incorporarse a los correspondientes créditos de los presupuestos de gastos del ejercicio inmediato siguiente, siempre que existan para ello los suficientes recursos financieros:

- a) Los **créditos extraordinarios** y los suplementos de créditos, así como las transferencias de crédito, que hayan sido concedidos o autorizados, respectivamente, en el **último trimestre del ejercicio**.
- b) Los créditos que amparen los compromisos de gasto a que hace referencia el apartado 2.b) del artículo 176 de esta ley.
- c) Los créditos por operaciones de capital.
- d) Los créditos autorizados en función de la efectiva recaudación de derechos afectados.

2. Los remanentes incorporados según lo prevenido en el apartado anterior **podrán ser aplicados tan sólo dentro del ejercicio presupuestario al que la incorporación se acuerde y, en el supuesto del párrafo a) de dicho apartado, para los mismos gastos que motivaron, en cada caso, su concesión y autorización.**

3. Los créditos que amparen proyectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obligatoriamente, salvo que se desista total o parcialmente de iniciar o continuar la ejecución del gasto”



Así pois a vixencia dos créditos correspondentes ao asento contable tipo RC que, de conformidade informe de intervención referencia LMR – REPARO SUSPENSIVO- SUBVENCIÓN NOMINATIVA- SEMENTEIRA CAMBRE 2024 - FASE AD asinado o 15.12.2024 (CVD: +v2UrpKfZGbjwSkkrk6d), amparaban a existencia de crédito axeitado e suficiente quedaron anulados a 31.12.2024 non sendo un suposto de incorporación obrigatoria ao exercicio 2025.

En consecuencia, dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2025, esta Intervención informa que NON existe crédito axeitado na aplicación 2025.334.489.01 e suficiente na cuantía de 63.000,00 euros para aprobar a concesión da subvención á Asociación “Sementeira Cambre” para a promoción musical do ano 2024 á que se refire o informe do coordinador de actividades culturais e educativas có asunto Informe aos reparos suspensivos realizados á proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical no ano 2024, asinado o 18.12.2024 (CVD: 5b3hZWIIWu0xO9XdMCPB). (...)

Visto que por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico (CVD: jLLSUr/Y6ogcixTEcXHz) aprobouse O expediente de modificación de créditos por transferencia de crédito número 3/2025

Visto que a interventora no seu informe referencia LMR TC_3/2025 asinado o 21.05.2025 (CVD: o4qyPcpo3aNDQ8krvE6g) detalla que:

“(...)Advirto por escrito que, tendo en conta que a habilitación legal para a concesión directa á ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE está amparada no orzamento anual e que a súa vixencia esgotouse unha vez remata o exercicio orzamentario para o que foron aprobadas (31.12.2024), o Pleno deberá aprobar o mantemento do carácter nominativo da mesma para o cal deberase modificar a base de execución do orzamento BASE CUADRAXÉSIMO SEXTA: SUBVENCIÓN NOMINATIVAS.(...)”

Vista a proposta de alcaldía de aprobación da modificación da base de execución do orzamento reguladora das subvencións nominativas asinada o 19.05.2025 (CVD: 4BO8/+PPkfzeTVnE6A8), na cal, non se incluíu á Asociación “Sementeira Cambre” sendo procedente á súa inclusión.

Visto que, en aras a fomentar a transparencia e có fin de facilitar a labor de fiscalización do Pleno, estímase que a resolución dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas de importe igual ou superior a 40.000,00 € debería ser atribuída ao Pleno da Corporación.

Visto que a proposta de alcaldía de 19.05.2025 pola que se propuso ao Pleno a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas (CVD: 4BO8/+PPkfzeTVnE6A8) debe ser rectificada coa finalidade de incluír o sinalado nos dous parágrafos anteriores.

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Rectificar a proposta de alcaldía de 19.05.2025 (CVD: 4BO8/+PPkfzeTVnE6A8) de xeito que o seu literal sexa o seguinte:

<<Primeiro: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas (CVD: O/7nrxYKWXBk1Elr/a48) coa finalidade de engadir un apartado BIS.- do seguinte tenor literal:

“BIS.- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2025, acorda mantense o seu carácter nominativo.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE
326.489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ 2024	32.120,00
326.489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO 2024	20.020,00
326.489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 2024	19.759,00
326.489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER 2024	22.571,60
326.489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL 2024	20.342,00
334.489.01	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	63.000,00

Segundo: Aprobar a modificación do texto da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas (CVD: 4BO8/+PPkfzeTVnE6A8) para que se exprese nos seguintes termos:

*“(…) A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación aprobados polo Pleno, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación correspondendo a súa resolución ao Alcalde, **agás as subvencións de importe igual ou superior a 40.000,00 € cuxa resolución, en todo caso, corresponderá ao Pleno.***

(…)

Logo do informe dos servizos competentes corresponderalle ao Alcalde/sa, **excepto naquelas subvencións de importe igual ou superior a 40.000,00 € que corresponderán ao Pleno**, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados. Se se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención se cumpríu poderá manterse sen redución o importe da inicialmente concedida pero, en calquera caso, o importe dos gastos xustificables deberá acadar, polo menos, o importe da subvención. De non cumprirse este requisito darase un prazo non inferior a dez días nin superior a un mes para achegar nova documentación, transcorrido o cal sen a ter recibido, a contía da axuda reducirase na proporción que corresponda. (…)

Terceiro: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Cuarto: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederáse á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Quinto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveráas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederáse como se indicou no parágrafo anterior.

Sexto: Condicionar, no referido ás subvencións nominativas ás ANPAS, a aprobación definitiva do presente acordo á aprobación definitiva do expediente de transferencia de crédito número 2/2025 por un importe de 89.000,00 euros (expediente tedec número 2025/G006/000080)..>>

Segundo: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento municipal 2024 prorrogado a 2025 nos termos sinalados no apartado anterior.”

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, intervén a Sra. presidenta e manifesta que hai unha emenda ao ditame presentada polo grupo municipal de UxC, e concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada á emenda que, xunto con outra emenda presentada para o seguinte punto da orde do día do pleno, foi rexistrada de entrada ao núm. 202599900003096 o día 27 de maio de 2025, e que transcrita di:

«Enmenda ao punto 2 da proposta de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta reguladora das subvencións nominativas

Vista a proposta de alcaldía de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta reguladora das subvencións nominativas rectificadas

Vistas as explicacións dadas en comisións informativas do concelleiro de Economía e Facenda explicando que era urxente incluír á Asociación Sementeira na modificación das bases propostas inicialmente para poder abordar o convenio 2024



Visto que o punto segundo da proposta modificada sinala:

“**Segundo:** Aprobar a modificación do texto da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas (CVD: 4BO8/+PPkfezTVnE6A8) para que se exprese nos seguintes termos:

*“(...) A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación aprobados polo Pleno, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación correspondendo a súa resolución ao Alcalde, **agás as subvencións de importe igual ou superior a 40.000,00 € cuxa resolución, en todo caso, corresponderá ao Pleno.** (...)”*

Logo do informe dos servizos competentes corresponderalle ao Alcalde/sa, **excepto naquelas subvencións de importe igual ou superior a 40.000,00 € que corresponderá ao Pleno**, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados. *Se se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención se cumpríu poderá manterse sen redución o importe da inicialmente concedida pero, en calquera caso, o importe dos gastos xustificables deberá acadar, polo menos, o importe da subvención. De non cumprirse este requisito darase un prazo non inferior a dez días nin superior a un mes para achegar nova documentación, transcorrido o cal sen a ter recibido, a contía da axuda reducirase na proporción que corresponda. (...)”*

Visto que debido a urxencia manifestada polo concelleiro, coa que estamos dacordo, delegar no pleno a aprobación do convenio suporía ralentizar o procedemento co conseguinte perxuício para a Escola de Música Sementeira, sendo ademais un agravio comparativo co resto de entidades cuxos convenios non precisan pasar polo pleno,

Visto que é obriga da administración, e por tanto tamén dos representantes políticos cumprir cos principios de eficacia e eficiencia na administración que dicta a lei

Visto que a transparencia e participación de todos os grupos municipais en relación ás subvencións tanto nominativas como de libre concurrencia, xa queda garantido co coñecemento que teñen das mesmas a través do Plan Estratégico de Subvencións que ten aprobado o Concello de Cambre en pleno así como das reunións das comisións de seguemento que se convocan.

Visto que propoñer que o convenio de Sementeira teña que ser aprobado mediante acordo plenario supón ralentizar un procedemento, o de aprobación e sinatura dun convenio, que para nada é compatible coa defensa do interese xeral dos veciños en canto se deben artellar mecanismos cada vez máis áxiles e dinámicos, como así pediron diferentes Grupos Municipais en varias ocasións en pleno para a tramitación das subvencións e convenio do Concello de Cambre

Dacordo co artigo 115.1.e) do Regulamento Órganico Municipal, o Grupo Municipal de Unión por Cambre formula a seguinte enmenda ao punto 2 do acordo de alcaldía:

1. Suprimir a excepción para importes iguais ou superiores a 40.000 euros e manter a redacción desta base sen a negrilla engadida na proposta de acordo, tal e como se viña redactando noutras anualidades.»

Interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

A Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de UxC de data 27 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.



Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a emenda de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900003096 o día 27 de maio de 2025, tal e como foi transcrita.

Acto seguido, interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 2025 (CVD: UTDVTET/khiaFZUiy2eK), coas modificacións que resultan da emenda aprobada, sendo aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos seguintes termos:

Primeiro: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas (CVD: O/7nrxYKWXBk1Elr/a48) coa finalidade de engadir un apartado BIS.- do seguinte tenor literal:

“BIS.- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2025, acorda mantense o seu carácter nominativo.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	SUBVENCION NOMINATIVA	IMPORTE
326.489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ 2024	32.120,00
326.489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO 2024	20.020,00
326.489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 2024	19.759,00
326.489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER 2024	22.571,60
326.489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL 2024	20.342,00
334.489.01	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	63.000,00

Segundo: Manter sen outras modificacións o texto da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas actualmente vixente.

Terceiro: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Cuarto: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederáse á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Quinto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveráse o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederáse como se indicou no parágrafo anterior.



Sexto: Condicionar, no referido ás subvencións nominativas ás ANPAS, a aprobación definitiva do presente acordo á aprobación definitiva do expediente de transferencia de crédito número 2/2025 por un importe de 89.000,00 euros (expediente tedec número 2025/G006/000080).

1.6. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 2/2025 POR IMPORTE DE 89.000 €

Acceso á videoacta – 01:01:25 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025 (CVD: FpwuZkadL/o5uA34Kcu1), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 22 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que a resolución da alcaldía núm. 1597/2024 de 30 de decembro resolveu prorrogar ao ano 2025 o orzamento municipal de 2024.

Visto que, ao abeiro da Circular 1/2019 da Intervención Xeral da Administración do Estado, non foron prorrogados os créditos correspondentes ás subvencións previstas nominativamente na base 46ª das de execución do orzamento municipal 2024.

Visto que entre ditas subvencións nominativas atópanse ás seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	SUBVENCION NOMINATIVA	IMPORTE
326.489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ 2024	32.120,00
326.489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO 2024	20.020,00
326.489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 2024	19.759,00
326.489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER 2024	22.571,60
326.489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL 2024	20.342,00

Visto que o obxecto de tales subvencións é o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso 2024/2025, as cales, non só son un complemento na formación académica dos nenos e nenas senón que tamén configúranse como unha medida clave para a conciliación laboral e familiar.

Visto que artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito e tendo en conta que o crédito existente na bolsa de vinculación que forman os créditos da Política de gasto 32 e da Económica 4 é insuficiente.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión do 9 de maio de 2025 acordou non adjudicar o contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana “Galaicoi”» polo que os créditos consignados na aplicación orzamentaria 2025.430.226.12 por importe de 89.000,00 € para dita finalidade están na situación de dispoñibles.



Visto o documento contable número de operación 22025000737 e número de referencia 22025000801 asinado pola interventora municipal o 19.05.2025 (CVD: 1mOyd/YhRYqwCij89bl7).

Visto o informe favorable emitido pola interventora municipal o 19.05.2025 (CVD: sqNbSZ8nBme661k7wMBQ).

Visto o disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990 e nas Bases de execución do orzamento municipal de 2024 prorrogado ao 2025, e tratándose a modificación proposta dunha transferencia de crédito que afecta a distintas áreas de gasto, é polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 2/2025 por un importe de 89.000,00 euros có seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Consignación orzamentaria previa	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Consignación orzamentaria resultante
326.489.02	0,00	26.307,40	0,00	26.307,40
326.489.03	0,00	15.020,00	0,00	15.020,00
326.489.04	0,00	14.759,00	0,00	14.759,00
326.489.05	0,00	17.571,60	0,00	17.571,60
326.489.06	0,00	15.342,00	0,00	15.342,00
430.226.12	89.000,00	0,00	89.000,00	0,00
TOTAIS		89.000,00	89.000,00	

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, intervéñ a Sra. presidenta e manifesta que hai unha emenda ao ditame presentada polo grupo municipal de UxC.

Faise constar que a emenda foi rexistrada de entrada ao núm. 202599900003096 o día 27 de maio de 2025, xunto con a outra emenda presentada para o punto anterior da orde do día.

A Sra. presidenta manifesta que esta emenda non se pode someter a votación porque non está acreditada debidamente; que o regulamento di que as emendas deberán conter o texto concreto que se propoña; e proponlles, se queren, facer un receso para que concreten a que partidas específicas se refiren.

Cando son as doce horas e seis minutos a Presidencia concede un receso de 10 minutos para que o grupo municipal de UxC concrete a emenda presentada, polo que se suspende a gravación (**Acceso á videoacta 01:06:28 horas**).

Cando son as doce horas e dezaseis minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 01:06:29 horas**).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura á emenda presentada que, coa modificación neste acto do apartado relativo ao acordo a adoptar, consta do seguinte teor:



«Enmenda á proposta de Transferencia de Crédito 2/2025

Vista a providencia de alcaldía que sinala:

“Visto que a resolución da alcaldía núm. 1597/2024 de 30 de decembro resolveu prorrogar ao ano 2025 o orzamento municipal de 2024.

Visto que, ao abeiro da Circular 1/2019 da Intervención Xeral da Administración do Estado, non foron prorrogados os correspondentes ás subvencións previstas nominativamente na base 46ª das de execución do orzamento municipal 2024.

Visto que entre ditas subvencións nominativas atópanse ás seguintes:

APLICACIÓN SUBVENCION NOMINATIVA IMPORTE

326.489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ 2024	32.120,00
326.489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO 2024	20.020,00
326.489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 2024	19.759,00
326.489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER 2024	22.571,60
326.489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL 2024	20.342,00

Visto que o obxecto de tales subvencións é o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso 2024/2025, as cales, non só son un complemento na formación académica dos nenos e nenas senón que tamén configúranse como unha medida clave para a conciliación laboral e familiar.

Visto que artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito e tendo en conta que o crédito existente na bolsa de vinculación que forman os créditos da Política de gasto 32 e da Económica 4 é insuficiente.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión do 9 de maio de 2025 acordou non adxudicar o contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana “Galaicoi”» polo que os créditos consignados na aplicación orzamentaria 2025.430.226.12 por importe de 89.000,00 € para dita finalidade están na situación de disponibles”

Vista a proposta de alcaldía de aprobación do expediente de Transferencia de Crédito número 2/2025 por importe de 89.000 euros

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en donde o goberno decide non adxudicar o expediente de contratación da Galaicoi eliminando así un evento de carácter histórico e cultural, que ademais supón importantes perdas para o tecido empresarial do Concello, tendo en conta a repercusión económica que para a hostelería e o comercio de Cambre tiña este evento.

Visto que dito acordo se tomou sen un informe técnico que avale as razóns de interés xeral que levan a suspender a licitación de dito expediente, xa que dicir que non se fai a Galaicoi para sacar adiante outro expedientes de contratación ou pagar as ANPAs non é unha motivación obxectiva

Visto que, sen renunciar á Galaicoi e a todo o que esta romería conleva, poderíanse artellar ferramentas para garantir o pago das subvencións, non só das ANPAs, senón de todo o tecido asociativo tal e como propuxo o goberno de Unión por Cambre o ano pasado mediante un suplemento de crédito tendo en conta o remanente de tesorería que hai

Visto que dito suplemento non se pode levar a pleno porque a día de hoxe segue sen estar feita a liquidación do orzamento de 2024 que o goberno asegurou que estaría lista para o mes de xuño



En aras de garantir que se poida pagar, da forma máis áxil posible o convenio do curso 2024-2025 ás AMPAs do Concello de Cambre e tendo en conta as vacantes que hai no capítulo de persoal e que o crédito xerado no que vai de ano é suficiente para poder afrontar ditos pagos, procedemento que se empregou en moitas ocasións neste concello nos últimos anos.

Dacordo co artigo 115.1.e) do Regulamento Órganico Municipal, o Grupo Municipal de Unión por Cambre formula a seguinte enmenda á proposta de alcaldía no seu primeiro apartado, substituindo o proposto por

1. Aprobar a transferencia de crédito número 2/2025 por importe de 89.000 euros dende o capítulo 1 de persoal, entre os créditos xerados polas vacantes no que vai de ano: na partida 132 de Policía, con 13 vacantes; 135 de Protección Civil, por 2 axentes e 1 coordinador; 330, unha dinamizadora cultural; a partida 332 e a 920 cun TAG, que está vacante, e os postos creados para os proxectos en curso. Serían os salarios, os IRPF e a seguridade social que non se consumiron nestes case 6 meses.”

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

Finalizadas as intervencións a Sra. alcaldesa manifesta que non se somete a votación a emenda porque di que non está acreditada debidamente, porque non teñen a certeza de crédito específico, e sobre todo porque di que faltaría o informe de Intervención e ao faltar sería nulo de pleno dereito.

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2025 (CVD: FpwuZkadL/o5uA34Kcu1), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.7. MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 01:41:44 horas

A Sra. Presidenta manifesta neste punto que a moción presentada polo grupo municipal de UxC relativa ao Galaicoi encaixa na definición de rogo, polo que poderá ser presentada como tal, xunto cos rogos de UxC presentados por escrito en data 26 de maio, tendo en conta que o seu número non excede de tres.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, e a solicitude da Presidencia, o secretario accidental, Sr. Garrido Negreira.



2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:44:54 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:44:58 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:45:12 horas

Non se deu conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:45:15 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 212 resolucións numeradas da 278 á 489 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
278/2025	24-03-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de marzo de 2025
279/2025	25-03-2025	Solicitar unha subvención ao abeiro do disposto na Resolución do 25 de outubro de 2024, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, publicada no DOG núm.7, do 13 de xaneiro de 2025, por importe de 15.000 €, para a contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración dos estatutos que rexerán a operativa e xestión da comunidade enerxética a partir da súa constitución
280/2025	24-03-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 12.312,36 euros
281/2025	24-03-2025	Delegación de funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós os días 29, 30 e 31 de marzo de 2025

282/2025	25-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de referencia de data 19 de febreiro de 2025, isto con base no informe do animador xuvenil, de data 12 de marzo de 2025 e no manifestado por esta Alcaldía no escrito de data 12 de marzo de 2025 Dispoñer que continúe o procedemento de adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do expediente de contratación do "Servizo de colaboración no desenvolvemento de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre organizados polo Concello de Cambre"
283/2025	26-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
284/2025	26-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
285/2025	26-03-2025	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 71 letra B no cemiterio municipal de Cambre, solicitada en data 13 de xaneiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de CPG no dito nicho, que se realizou en data 28 de decembro de 2024. Solicitante: PCP
286/2025	26-03-2025	Conceder, con efectos de data 04 de maio de 2024, o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 174, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, a favor ACVVV co fin de inhumar o cadáver de MJCA, falecida o día 2 de xuño de 2024. Autorizar, con efectos do día 04 de maio de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 174, letra B, no cemiterio municipal de Cambre
287/2025	26-03-2025	Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2025, a bonificación (Tarifa 1.B) na cota da taxa por subministración de auga potable concedida no seu día, por mor de non ter achegado a renovación do seu título de familia numerosa no prazo establecido na ordenanza fiscal núm. 15 (antes do 28 de febreiro de cada ano), e constar como caducado o dito título na documentación dispoñible nos servizos económicos municipais. Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2025, a bonificación sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos na cota da taxa por subministración de auga potable (Tarifa B) por causar baixa o beneficiario no padrón municipal de habitantes
288/2025	26-03-2025	Conceder licenza para a cubrición da pista polideportiva do Instituto de Ensinanza Secundaria "Afonso X O Sabio" sito no lugar da Barcala, parroquia de Cambre. Solicitante: CdeE,C, U e FP
289/2025	26-03-2025	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de LAB e PGR
290/2025	26-03-2025	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: SCPB
291/2025	26-03-2025	Conceder a licenza para a rehabilitación da edificación illada do pazo de Aián sita no lugar de Aián, núm. 20, parroquia de Sigrás. Solicitante: AR, SC
292/2025	26-03-2025	Conceder a licenza para a demolición da edificación auxiliar sita no lugar de Sobreguexe, parroquia de Cecebre. Solicitante: M ^a TPM
293/2025	26-03-2025	Comparecer no procedemento abreviado PA 112/2024 interposto por DPL perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial

294/2025	27-03-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 13 de marzo de 2025 tendo en conta os informes emitidos polo bibliotecario arquiteiro con data 19.03. e pola coordinadora de servizos sociais con data 24.03.2025. Aprobar as facturas por importe total de 162.622,42 euros
295/2025	27-03-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 175.526,27 euros
296/2025	28-03-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de abril de 2025
297/2025	28-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PVM
298/2025	28-03-2025	Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 1.003.376,07 €
299/2025	31-03-2025	Devolver o aval bancario formalizado por Abanca Corporación Bancaria, SA, e depositado por ARV, na Tesourería municipal por importe de 3.600,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha talla de 115 chopos, 80 piñeiros e 12 eucaliptos na finca sita no lugar de Fonte, parroquia de Andeiro
300/2025	31-03-2025	Levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 28 de marzo do 2025, isto con base no informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emitido en data 31 de marzo de 2025. Aprobar a nómina do mes de marzo do 2025 cun total de retribucións brutas 356.862,98 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de marzo de 2025 cun importe total de 731,53 €
301/2025	31-03-2025	Iniciar expediente de orde de execución a UFD DE S.A. para a poda das polas da árbores existentes na finca sita no lugar de Fonte Cuntín, Santa María de Vigo, que están a entrar en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e os artigos 40 e 57 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico
302/2025	31-03-2025	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MBRS para a poda e roza da vexetación existente na finca sita na estrada de Cambre – Temple, s/n - Cambre, que está a invadir a beirarrúa na marxe da estrada (DP-1706) e afecta a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles
303/2025	31-03-2025	Iniciar expediente de orde de execución a AIM, MCIM e EIM para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Tournal, s/n, Cambre que afecta a infraestruturas de iluminación pública e invade parte do camiño de titularidade municipal e a beirarrúa existente na marxe da estrada de titularidade provincial, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos

		propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservar nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
304/2025	31-03-2025	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a PMV. Motivo da baixa: A renuncia voluntaria da persoa usuaria. A data de baixa é: 01/04/2025
305/2025	31-03-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de febreiro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes, e o seu pagamento por un importe total de 79.317,84 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de febreiro de 2025 por importe de 19.688,14 euros
306/2025	01-04-2025	Delegar as funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, dende as 13:30 horas e durante a celebración da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá
307/2025	01-04-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o mércores 2 de abril de 2025, ás 14:00 horas
308/2025	01-04-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 13 de marzo de 2025, tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de servizos sociais con data 28.03.2025. Aprobar as facturas por importe de 403,99 euros
309/2025	03-04-2025	Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2025, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non achegar debidamente a documentación acreditativa da súa situación familiar, de convivencia ou económica, ou non estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación, conforme ao establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e no apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga, segundo o informe emitido polas técnicas dos servizos sociais municipais de data 14.03.2025. Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2025, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos na cota da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros respecto da vivenda por falecemento do beneficiario
310/2025	03-04-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención data 21 de marzo de 2025, tendo en conta o informe emitido polo bibliotecario arquivero con data 25.03.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 1049,09 euros
311/2025	03-04-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 21 de marzo de 2025 tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de Servizos sociais con data 28.03.2025, pola axente de desenvolvemento local co conforme da responsable da Axencia de Desenvolvemento local de data 28.03.2025 e polo axente de protección civil e coordinador do servizo de emerxencia e protección civil en funcións de data 31.03.2025. Aprobar as facturas por importe total de 81.339,16 euros
312/2025	03-04-2025	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Suspende inmediatamente os actos que está a realizar MFM

		consistentes na demolición da vivenda unifamiliar sita na estrada da Estación Cambre sen licenza municipal nin comunicación previa, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
450/2025	13-05-2025	Declarar a caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes e, en consecuencia, a baixa neste das persoas que non presentaron a correspondente solicitude de renovación da inscrición padroal tal e como establece o artigo 16 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
451/2025	13-05-2025	Non acceder ao solicitado CFL de solicitude cualificación rúa privada servicio público, toda vez que o camiño ao que se refire a súa solicitude non é unha vía pública, senón que ten carácter privado
452/2025	15-05-2025	Considerar desistido a FMD da solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada con data 06/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
453/2025	15-05-2025	Desestimar a solicitude de devolución de ingresos formulada con data 28.10.2021, ao non probar en forma ningunha a solicitante, que o contador non era apto como elemento de medición a data de lectura do consumo efectuado, nin a existencia de avaría na rede interna. Solicitante: AMLM
454/2025	15-05-2025	Considerar desistida a RFG da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 14/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
455/2025	15-05-2025	Considerar desistida a MCVZ da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 28/02/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
456/2025	15-05-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ESM
457/2025	15-05-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RMC
458/2025	15-05-2025	Expedientes sancionadores de tráfico

459/2025	14-05-2025	Considerar desistido a JGMR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 21/10/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
460/2025	15-05-2025	Conceder a excedencia voluntaria por coidado de familiares con efectos do 9 de maio de 2025 e polo prazo de dous meses, de conformidade co artigo 176 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. Solicitante: MdelMCB
461/2025	16-05-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2025
462/2025	16-05-2025	Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
463/2025	16-05-2025	Declarar a renuncia de GL, SL á licenza de vao permanente, concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 11 de xaneiro de 2018 para o acceso ao local situado na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple
464/2025	16-05-2025	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 7 a substituír o vehículo co que presta servizo, marca Volkswagen Golf, matrícula 8307 JHT, por outro de nova adquisición, marca KIA Niro, matrícula 6705 MZN. Solicitante: MJGF
465/2025	16-05-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de abril de 1990 a LSR para o acceso ao garaxe do edificio situado na rúa Tapia, parroquia do Temple, a prol da comunidade de propietarios garaxe rúa Profesor Monasterio 1
466/2025	16-05-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de abril de 1990 a LSR para o acceso ao garaxe do edificio situado na rúa Profesor Monasterio, parroquia do Temple, a prol da Comunidade de Propietarios garaxe rúa Profesor Monasterio 1
467/2025	16-05-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de marzo de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos e o seu pagamento por importe total 78.897,38 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de marzo de 2025 por importe de 20.130,92 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, do recargo de cota da seguridade social do mes de marzo polo seu ingreso fora do prazo regulamentario, por importe de 19,63 euros
468/2025	16-05-2025	Iniciar expediente de orde de execución a MJRS e aos herdeiros de RP-SR para a poda e roza da vexetación existente na finca sita na estrada de Cambre –Temple, que está a invadir a beirarrúa na marxe da estrada (DP-1706) e afecta a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
469/2025	16-05-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 3 de febreiro de 2017 a EDeSL SLu e ME&E SL, para o acceso ao almacén de material deportivo e de animación situado no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple, a prol de ME &E SL
470/2025	16-05-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo

		obxecto é o “Servizo de docencia para impartir tres edicións do módulo transversal de “Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero” e “Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica”, dentro da formación do Plan formativo para o Emprego. (Plan AFD 2024/25). Adxudicar o contrato menor á empresaria individual dona M ^a Luisa Lobelos Insua, por importe de 2.160,00 euros (exento de IVE segundo o establecido no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro
471/2025	16-05-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é o “Servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de “Nivel básico de Prevención de Riscos Laborais”, dentro da formación do Plan formativo para o Emprego. (Plan AFD 2024/25). Adxudicar o contrato menor á empresaria individual dona Fátima Casal Taboada, , no importe de 5.280,00 euros (exento de IVE segundo o establecido no artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro
472/2025	19-05-2025	Nomear como persoal eventual a M ^a LF para o desempeño do posto de traballo de asesora de Servizos Sociais e Recursos Humanos cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
473/2025	19-05-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Barbaín, parroquia de Sta. María de Vigo. Solicitante: UFD, DE, SA.
474/2025	19-05-2025	Declarar a renuncia de J, SL á licenza de vao laboral, concedida por resolución da Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2010 a J, SL para o acceso ás instalacións que a dita empresa ten na rúa Río Mandeo, parroquia de Cambre
475/2025	19-05-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 22 de maio de 2025, ás 11:00 horas
476/2025	19-05-2025	Adxudicar ao Banco Santander SA, , a colocación de 22.000.000 euros a un 2,112% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
477/2025	20-05-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
478/2025	20-05-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de abril de 2025 por importe de 59.879,45 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 59.879,45 euros
479/2025	20-05-2025	Dar acceso a MDPL, voceira de UxC, ao seguintes expedientes de contratación de obras do POS: mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros; reforma integral da praza Fernando Buesa – O Temple, Cambre; mellora funcional do espazo libre/zona verde no entorno da rúa Polígono; reforma do parque infantil situado na rúa Francisco Rodríguez; mellora da pista municipal do Temple, Cambre; proxecto técnico para pavimentación de beirarrúas na rúa Río Gándara da Barcala; rehabilitación do pavimento na pista polideportiva “A Balastreira”, Cambre

480/2025	20-05-2025	Aprobar a lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as no proceso de selección para a contratación de tres traballadores/as ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais - Programa PEL Concellos 2025
481/2025	21-05-2025	Aprobar o expediente de modificación de créditos por transferencia de crédito número 3/2025 e por importe de 61.960,62€
482/2025	23-05-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de JBC, falecida o día 1 de maio de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 31, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 2 de maio de 2025
483/2025	23-05-2025	Tomar coñecemento de que os restos mortais de JRMB falecido o día 29 de abril de 2025, foron inhumados na urna perimetral sinalada co número 16, letra B no cemiterio municipal de Cambre en data 30 de abril de 2025.
484/2025	23-05-2025	Composición Xunta de Goberno Local tras non aceptación do nomeamento por varios dos membros designados
485/2025	23-05-2025	Suspender a actividade de taller de mantemento-reparación de vehículos que se está a realizar na nave sita no lugar da estrada de Espírito Santo, carecendo do preceptivo título habilitante. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a FYET, S.L. polo exercicio da citada actividade sen título habilitante municipal
486/2025	23-05-2025	Aprobar o recoñecemento e liquidación da cantidade de 484,00 euros, a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña, en concepto de custas correspondentes ao recurso contencioso administrativo nº PA 279/2021, así como o seu pagamento
487/2025	23-05-2025	Estimar a solicitude presentada e rectificar o erro material das liquidacións do prezo público de actividades extraescolares en períodos vacacionais, actividades dos campamentos urbanos de verán 2022 - 1ª e 3ª quenda, aprobadas por resolucións núm. 1489/2022 de data 24/08/2022 e núm. 1699/2022 de data 29/09/2022, respectivamente. Recoñecer o dereito a devolución do importe ingresado indebidamente por importe de 94,50 euros en concepto de contía de prezo público por actividades extraescolares (1ª e 3ª quenda de campamento de verán de 2022), así como os xuros de demora que proceden. Solicitante: SML
488/2025	23-05-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos: cambio de titularidade, por importe de setenta e cinco euros (75,00 euros), así como os xuros de demora que proceden
489/2025	23-05-2025	Recoñecer o dereito á devolución de ingresos en concepto de ICIO por importe de 809,40 euros, así como os xuros de demora que proceden, no expediente de licenza para a legalización de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en Cecebre. Desestimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos do importe aboado de 134,90 euros, ingresado con data 05.02.2021, en concepto de taxa por outorgamento de licenza urbanística expediente 2021/U026/000034, por terse devengado a mesma e realizado o feito imponible. Solicitante: RRL

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:



Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2025

- Proposta relativa á adxudicación dos lotes 3, 5 e 6, e declaración de deserto do lote 4, do expediente de contratación das "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025" - Expediente núm. 2024/C005/000013

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1 de abril de 2025

- Proposta relativa á declaración de deserto do lote 1 e adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do "Servizo de colaboración para o desenvolvemento de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre organizados polo Concello de Cambre" – Expediente núm. 2023/C004/000015

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2025

- Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo ao contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana "Galaicoi"» - Expediente núm. 2025/C004/000003

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de maio de 2025

- Proposta relativa a non adxudicación do contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana "Galaicoi"» - Expediente núm. 2025/C004/000003

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de maio de 2025

- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva correspondente aos lotes 1, 2, 3, 5, 6 e 7 do contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da VI romaría galaico romana "Galaicoi" do Concello de Cambre» - Expediente núm. 2023/C004/000009

- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva correspondente á obra "Reordenación entorno rúas Polígono e Francisco Añón". Expediente núm. 2018/C003/00030

- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva correspondente á obra "Cerramento perimetral do polideportivo Portofaro". Expediente núm. 2018/C003/00020

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de maio de 2025

- Proposta relativa á declaración de deserto, por falta de licitadores, do expediente de contratación relativo aos "Servizos e subministracións de mantemento de marquesiñas e postes de parada de autobús no termo municipal de Cambre". Expediente núm. 2024/C004/000011

- Proposta relativa a novo adxudicatario do contrato baseado para a subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre a través de acordo marco da Central de contratación do Estado. Expediente núm. 2024/C005/000001

3.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:45:26 horas



ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003066 o día 26 de maio de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:45:55 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Tendo en conta que o expediente da obra de mellora do campo de Lendoiro quedou en tramitación e tendo en conta que, unha vez rematada a liquidación do orzamento de 2024 haberá que incorporar os créditos para a dita obra procedentes do suplemento de crédito aprobado en pleno o pasado mes de outubro e vista a providencia asinada polo concelleiro delegado de Economía e Facenda antes do cambio de goberno no mes de abril, rogamos se axilicen os trámites e se saque a licitación esta obra tendo en conta que, de non executarse neste ano en curso, os créditos perderanse e non poderá ser executada.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:48:26 horas

Lee o rogo a Sr. González Leirós.

“Vendo as queixas veciñais que hai polos desbroces que se están executando, rogamos se supervise a correcta execución dos traballos”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:48:57 horas

A Sra. Pan Lesta dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao núm. 202599900003035, o día 25 de maio de 2025, baixo o título “*Moción en defensa da Galaicoi*”, que transcrito di:

«Exposición de motivos

A actividade temática denominada “Galaicoi”, celebrada en Cambre desde o ano 2016 (exceptuando os anos afectados pola pandemia COVID-19), atópase xa plenamente consolidada como un evento cultural e patrimonial de primeiro orde e é un referente na comarca. Organizada polo anterior grupo de goberno (no que participaron tanto BNG como PSOE), ten como obxectivo principal a posta en valor do patrimonio histórico, artístico e cultural, mediante a recreación do mundo galaico-romano. Os fundamentos son os seguintes: a existencia dun xacemento castrexo (Castromaior), a existencia dun xacemento romano musealizado e, por extensión, como reclamo turístico, a igrexa de Santa María de Cambre e o Campo da Feira. Consideramos que son argumentos suficientes para a posta en valor do noso patrimonio mediante a celebración dunha festa temática que ensalce e dea a coñecer estes grandes recursos turístico-culturais e patrimoniais.

Durante os anos de celebración da Galaicoi, esta converteuse nun espazo de encontro interxeneracional, educativo e turístico, promovendo o coñecemento da nosa historia entre toda a veciñanza, dinamizando a economía local e potenciando o tecido social do municipio. A participación contundente de máis de 20 asociacións e outros 10 colectivos, evidencia a súa raizame e dimensión cooperativa. A implicación cidadá



é tan profunda que moitas persoas xa tiñan encargada a súa roupa para a caracterización nesta edición, demostrando o nivel de identificación e iniciativa.

A GALAICOI como evento cultural non só é festivo:

É necesario desmontar a idea de que a Galaicoi é simplemente unha festa. Trátase dun evento cultural de primeira orde que contribúe á identidade de Cambre e á posta en valor do noso patrimonio. O seu carácter diferenciado fronte a outras festas temáticas próximas (medievais, modernistas ou de 1900) radica en que ten como eixe central o noso pasado galaico-romano, integrando actividades educativas, artísticas e históricas.

A Galaicoi cumpre sobradamente os requisitos establecidos pola **Lei Galega de Festas de Interese Turístico** (Decreto de 4/2015, do 8 de xaneiro), e estaba claramente encamiñada á súa declaración como tal, grazas aos seguintes criterios que establece a Lei:

- Arraigo: máis de 30 colectivos participan activamente na súa organización.
- Singularidade: é unha romaría castrexo-romana, temática escasa e pouco explotada na nosa contorna, fronte ao predominio de festas temáticas doutras características históricas.
- Valor cultural: destaca a recuperación de tradicións como xogos populares, música tradicional e oficios (canteiros, ferreiros, artesáns, téxtiles...), así como os valores históricos e arqueolóxicos.
- Capacidade de atracción turística: a asistencia de público foráneo e o impacto económico sobre o comercio en xeral e a hostalaría en particular demostran a súa extraordinaria relevancia.

Durante os dous día e medio que dura o evento ou festa temática, o Castromaior acolle ao redor de 1000 persoas integrantes das diversas asociacións e, polas rúas de Cambre, circularon o ano pasado máis de 10000 persoas. A Galaicoi é polo tanto unha festa temática que se nos antoxa crucial tamén pola tremenda reversión económica no municipio.

O artigo 152.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público dispón: **“3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión”**.

En sesión de Xunta de Goberno local de data 8.05.2025 o Goberno do Partido Popular adopta un acordo polo que decide non adxudicar a Galaicoi. Esta decisión é xustificada polo Goberno de Diana Piñeiro nos seguintes termos:

“É urxente e non admite demora que este Concello tramite os procedementos para licitar os servizos e subministracións que actualmente se prestan en precario, con contratos verbais, algún dos cales xa declarados nulos de pleno dereito, e verbo dos que se acordou a continuidade da prestación ou se acudiu á contratación de emerxencia, que se veñen estendendo no tempo máis do previsto legalmente, xa que a dita continuidade e a tramitación de emerxencia só resultan admisibles polo tempo estritamente necesario para adoptar medidas urxentes.



O Concello non dispón de medios persoais suficientes para proceder á licitación de todas as prestacións que require, polo que é preciso priorizar os procedementos que se tramitan, dando preferencia aos que se refiren a servizos/subministracións e obras que se consideran fundamentais.

No contexto de grave falta de persoal, o interese público reclama que todos os recursos humanos de que se dispón se destinen á licitación das prestacións fundamentais, que teñen prioridade fronte a outras prestacións que son prescindibles, como é o caso da romaría Galaico romana”.

Xustificación que para nada alude a razóns de interese xeral xa que o persoal é o mesmo que o doutros anos e os técnicos que traballan no expediente da Galaicoi non son os mesmos que poden estar a traballar noutros expedientes de servizos aos que se alude na xustificación.

Unha decisión de non adxudicación baseada exclusivamente nunha providencia do concelleiro delegado da Área de Contratación, sen ningún tipo de informe técnico que a avale nin datos que avalen que acabar o procedemento de licitación e adxudicar este contrato prexudica o interese xeral deste concello, sobre todo tendo en conta o estado avanzado no que se atopaba o expediente de contratación.

Tampouco se poden esgrimir argumentos económicos como os que deron dende o Goberno do Partido Popular, tendo en conta que a Galaicoi xa tiña a súa partida económica no orzamento e o concello ten suficiente solvencia para poder celebrar este evento e tamén facer fronte ao resto de obrigas que ten pendente. Proba de iso o remanente de tesourería que aflorará coa liquidación do orzamento de 2024, polo que non se poden aducir argumentos económicos para eliminar a Galaicoi. Non é certo que se se celebra a Galaicoi as ANPAs non poidan cobrar os convenios.

Por iso, desde o Grupo Municipal de UxC, consideramos que esta decisión caprichosa, unilateral, é profundamente irresponsable, carece de fundamentación sólida e técnica, e non foi consensuada co resto dos grupos que integran o Pleno municipal.

Tamén resulta incomprendible que a decisión de non realizar a Galaicoi se efectuara un día antes de que rematara o prazo de presentación de ofertas dos diferentes lotes. Isto implica tirar pola borda o inxente e pormenorizado traballo dos técnicos municipais que xa tiñan avanzado o proceso de licitación, así como os prexuízos causados ás 5 empresas que xa presentaran a súa oferta.

A incomprendible e precipitada decisión do Goberno non só borra dun plumazo unha actividade que xera múltiples beneficios sociais, económicos e culturais, senón que compromete seriamente a posibilidade de lograr a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, obxectivo que xa estaba perfectamente encamiñado. Cancelar un evento consolidado e un procedemento practicamente rematado sen diálogo e con argumentos tan lamentablemente febles, supón unha grave irresponsabilidade.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno:

1. Instar ao goberno a que emende a situación, anule o acordo da Xunta de Goberno e retome o procedemento de contratación no punto no que estaba antes do acordo da Xunta de Goberno
2. Comprometerse a garantir a continuidade da Galaicoi como evento cultural e patrimonial de referencia en Cambre, engadindo a súa programación anual nos orzamentos municipais.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. Alcantarilla Rei, a Sra. Pan Lesta e o Sr. Vázquez Pérez.



ROGO DO PSDEG-PSOE PRESENTADO POR ESCRITO

Rexistrado de entrada ao núm. 202599900003071 o día 26 de maio de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactado en castelán e transcrito ao galego di:

Único rogo - Acceso á videoacta – 02:04:18 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«En varias sesións plenarias reiteramos a seguinte petición, en relación co rogo formulado e aceptado no pleno ordinario do pasado mes de agosto, no que se solicitaba o seguinte:

"Tralo tempo transcorrido sen recibir noticias sobre os avances realizados nos distintos contratos de servizos básicos, tan necesarios para o benestar dos nosos veciños e veciñas, rogamos que se realice un seguimento deles e que a dita información se traslade á corporación de maneira periódica."

Naquel momento indicóusenos que esta información sería remitida á corporación de forma trimestral. Posteriormente, envióusenos un documento en formato excel. Con todo, debemos sinalar que a dita información resulta pouco clara e incompleta, polo que non cumpre o obxectivo de garantir unha transparencia real nin permite coñecer con precisión a situación actual dos contratos.

Agora, co recente cambio de Goberno e tendo en conta as declaracións públicas nas que se anunciou a vontade de priorizar a regularización dos contratos de servizos básicos, reiteramos novamente a nosa solicitude.

Rogamos que se nos facilite un informe claro, comprensible e actualizado sobre o estado actual dos distintos contratos de servizos básicos coa súa orde de prioridade e que a dita información sexa posta ao dispor de todos os membros da corporación."

O Sr. Vazquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Lamas.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003068 o día 26 de maio de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:14:06 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Nas pasadas Comisións informativas, tratóuse o asunto da falta de prazas en Educación infantil nas escolas públicas, onde solicitamos a reserva de espazo clasificado para ese uso, e a demanda diante da Xunta de Galicia para un novo centro, ou ben, facer ampliacións se fose posible nas actualmente existentes. Contestóusenos, para a nosa sorpresa que o actual goberno tiña como prioridade a creación de un centro de día.

Ben e sabido que dende o BNG vimos loitando como grupo político pola debida atención aos nosos maiores, ou persoas con dificultades, pero tamén é ben sabido que para nós as etapas iniciais da vida son fundamentais que sexan atendidas para unha sociedade avanzada e xusta.



Non ententemos pois esa resposta, que nós pretendíamos que fose valente e sobre todo clara.

Dado que hai crianzas do noso concello que quedan sen praza nas escolas públicas, SOLICITAMOS:

Que se proceda a facer un estudo sobre as posibles ampliacións dos centros existentes para acoller a tódolos cativxs que o precisen, ou ben facer reserva do solo necesario para a creación dun novo centro. Todo isto aparelado coa demanda diante da Xunta de Galicia como responsable do ensino, para a implantación do novo centro.”

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Interven a Sra. Prieto Lamas, a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Carballada Rodríguez, o Sr. Mallo Castro e o Sr. Vázquez Pérez.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:27:19 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

«Recentemente o responsanble da Xunta de Augas de Galicia fixo unha visita ao paseo do río Mero, ao que acudiron concelleiros do equipo de goberno.

Non quero hoxe aquí, voltar a lembrar como en lexislaturas de máis de trinta anos, diante de actos tan significados como ese, estaban convidados/as representantes de todos os grupos políticos da corporación, aínda tendo maioría absoluta para gobernar. Esta concelleira tivo así oportunidade de coñecer antes de que se presentara o que ía ser a canalización do río Mero da man do entón vicepresidente e concelleiro Sr. Cuíña.

Naceu case nese intre a Plataforma en defensa do río Mero natural, que evitou que o noso río fose tratado coma unha tubería que subministrase a auga a EMALCSA.

Todo iso foi grazas á apertura e transparencia do entón alcalde Tonecho.

E non vou ser eu quen lave a xestión do que foi alcalde tantísimos anos, e contra o que tanto loitei para que as políticas municipais fosen mellores para a veciñanza de Cambre, pero é xusto lembrar que nunca nos excluíu como corporación, axustándose ao “aquí mando eu”. É tempo de que o respecto a todos os grupos políticos se amose, dando toda canta información, difusión, e participación á totalidade de grupos políticos, facendo ademáis fincapé en que o BNG está para apoiar a saída deste burato negro que se converteu o noso querido concello, pero non así.

Esperando que a nosa postura sexa totalmente entendible, SOLICITAMOS:

Que diante do anteriormente exposto, sexamos non só debidamente informados do calendario do Concello, senón convidados a participar de calquera acto no que a participación activa sexa máis que nunca necesaria para a boa evolución de Cambre.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:31:23 horas



“O exterior do centro municipal do Apeadeiro de Cecebre, que ten no chan area, está nun estado lamentable, así como no seto árbores secas. Entendemos que o trato que se debe dar á totalidade dos locais municipais debe ser igualitario, tendo en conta que é o lugar onde se xuntan os veciños.

Non vimos hoxe aquí a demandar o arranxo (de momento) do seu soto que é onde se levan a cabo actividades con unha absoluta insalubridade debido aos fungos negros que cobren os seus paramentos, aínda que nalgúns lugares estean tapados con madeira ou outros elementos; algo que xa lle pedimos ao anterior goberno de UXC, que preferiu arranxar noutras parroquias, e deixando o mantemento en Cecebre nun punto e aparte.

SOLICITAMOS:

Dende o BNG, que se trate o exterior facendo o mantemento necesario para o seu uso e disfrute nas condicións axeitadas.”

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo.

ROGOS DO AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003070 o día 26 de maio de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:32:39 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“A rúa Abeleira está incluída dentro das obras que se realizaran (esperemos) cos fondos do POS+ 2025, pero mentras non se acometan as ditas obras, rogamos que se tapen os numerosos buratos que presenta debido a gran cantidade de tráfico que soporta como vía de escape á rúa da Tapia.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:33:46 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Levamos insistindo tempo na necesidade de instalar carteis ou un bando informando/advertindo á veciñanza das súas obrigas á hora de depositar os residuos orgánicos e inorgánicos dentro dos contedores de lixo, a poder ser no correcto e indicando as sancións que se lles podería impoñer de non facelo de maneira correcta, polo que rogamos que se estude esta medida ou outra que reeduce ou disuada á veciñanza que habitualmente tiran mobles, rodas, restos de poda os fins de semana sobre todo nas parroquias rurais, e bolsas do lixo no chan, acabando desperdigada polas gaivotas, sobre todo na parroquia do Temple e Cambre.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Castro Uzal.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:35:40 horas

Lee o rogo Sr. Castro Uzal.



“Rogamos se lle insista á empresa encargada da recollida de lixo, que deposite adecuadamente os contedores unha vez baleirados e non deixalos invadindo carrís de circulación ou beirarrúas sen deixar paso para un carrito ou unha cadeira de rodas.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. González Leirós.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:36:45 horas

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003066 o día 26 de maio de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:36:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Varela Germade

“Vaise celebrar o Rock in Cambre este ano?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:37:12 horas

Lee a pregunta a Sr. González Leirós

“Cando rematarán as obras do parque Ramón Barba?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:37:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Pagouse o convenio de Pousadoira para as gradas de Brexo-Lema?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003071 o día 26 de maio de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:08 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.



“Tras o exposto nas últimas comisións informativas, onde a anterior concelleira de Servizos Sociais indicou que todas as competencias relativas á escola infantil A Galiña Azul do Temple foran delegadas no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e ante a resposta da actual concelleira da área — quen, salvo erro pola nosa banda, afirmou que foi o propio Concello quen solucionou o problema existente no arenero do patio— Pode o Goberno aclarar como interveu o Concello nunha instalación sobre a que, segundo se nos trasladou, xa non ten competencias?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:40:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“En vista de que se están buscando solucións para o pago das subvencións destinadas ás ANPAS e á asociación Sementeira, e tendo en conta que se aproxima o verán —unha época na que os clubs deportivos intensifican a súa actividade, como é o caso do Club Ciclista Cambre— Pode o Goberno informar de cando se ten previsto aboar as subvencións e convenios pendentes cos clubs deportivos, que en moitos casos atravesan unha situación económica moi delicada e para os que esta axuda resulta esencial para poder desenvolver o seu labor?”

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:42:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Tendo en conta que o Programa de Actividades da Escola de Actividades Físicas e Saúde 2025 está previsto para desenvolverse de xaneiro a decembro, exceptuando os meses de xullo e agosto, pode o Goberno aclarar por que se informou aos usuarios de que as actividades finalizarán o 31 de maio?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003068 o día 26 de maio de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:44:17 horas

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

“Parte dos concellos que limitan co noso de Cambre, levan feito demandas para que se rematen ou emenden defectos no paseo que circunda a ría do Burgo.

O labor do BNG foi determinante para que esta obra se levase a cabo, mesmo co labor inxente que a nosa parlamentaria en Europa Ana Miranda, sen a cal seguramente estaríamos aínda esperando a ver que se facían cos lodos tóxicos que alí se depositaron por industrias altamente contaminantes.



Dado que eses flecos nos paseos serían o remate desta importantísima obra, pódennos dicir que leva feito coas distintas administracións a actual alcaldesa ao respecto para a mellora que atinxe ao Concello de Cambre?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:45:46 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Seguindo na ría do Burgo, e no que nos atinxe como concello, este grupo municipal do BNG leva preguntando, e solicitando xa ao anterior goberno polo menos por dúas veces, sobre a calidade da auga, cara á tempada de baños, no que xa estamos inmersos.

Nunca se nos contestou, eludindo a responsabilidade cara á veciñanza sobre a seguridade na hora de meterse nesas augas.

Preguntamos á señora alcaldesa, agora que ten unha liña de comunicación directa coa Xunta de Galicia, pertencente ao mesmo grupo político do Partido Popular, se pensa contestar tanto a nós, como por tanto ao resto dos/as veciños/as cal é a calidade das augas na ría para o baño?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interven o Sr. González Leirós e a Sra. Prieto Miramontes.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:48:22 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“O mantemento das estradas paralelas tanto a AP9 como a Autovía, corresponden á titularidade delas. Na primeira, na AP9 de titularidade privada, e a segunda a Xunta de Galicia.

Dito isto, obsérvase que moitas delas son ignoradas polos seus responsables, contando con numerosos buratos, como xa demandamos dende o BNG, na que en Cecebre vai de Sobreguexe a Quintán, pero existen moitas outras.

Pensa este goberno, reclamar a quen corresponde e de xeito urxente que se leven a cabo os labores de mantemento?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS ORALMENTE

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:49:14 horas

O Sr. Castro Uzal formula a seguinte pregunta:

Di que se fala dun posible modificado do proxecto do parque Ramón Barba. Pregunta quen propuxo esa idea e se saben o que vai significar en tempo ese posible modificado cando di que o problema é con Fenosa e que con poucas horas se pode resolver.

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén o Sr. Castro Uzal.



2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:50:37 horas

O Sr. Castro Uzal formula a seguinte pregunta:

Di que visto que por fin chega o verán, e con el as vacacións dos rapaces e rapazas do concello, di que consideran que non é de recibo que nunha parroquia de máis de 10000 habitantes, como é a do Temple, soamente exista unha pista deportiva aberta para o disfrute de nenos, pero tamén de maiores, polo que pregunta cando se van acometer as obras de arranxo da pista polideportiva da ría, no Temple.

A pregunta contestarase por escrito.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás catorce horas e un minuto do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de xestión de Administración Xeral que actuou como secretario accidental na sesión)

Fernando Manuel Garrido Negreira